

A caixa d'acebache

↓ Aurora García Rivas

Sintíuna namáis entrar. Como todos os días, cando metía a chave na zarradura, a caixa de música poñíase a debullar a súa cantinela como se fora o conxuro d'unha meiga doente y atolada. Sin sequera quitar o abrigo, Marta foise prá estantería e, encoraxinada, zarróuna d'un golpe. O silencio que siguiu envoléuna en tal desacougo, que tiña a sensación de qu'unha araña velenosa lle subía polas pernas.

Xa taba no límite da súa capacidá d'aguante, e mentres sintía cómo se lle poñían os pelos de punta, probóu a zarradura outra vez e miróu ben dentro da caixa, pro nun viu máis qu'a súa imaxe distorsionada polo espello do fondo. As primeiras veces que lle pasóu esto, pensaba qu'era algo casual; despóis parecíulle absurdo preocuparse, pro xa empezaba a cavilar se nun sería verdá qu'a alma de Luis taba amarrada pra sempre a aquel fío de música.

A víspora de marcharse, él, Luis, déralle unha caixa antiga, d'acebache, coa melodía que tiñan como propia desde se namoraran: «Aline».

—Hei volver, Marta. Todo o qu'eu son, queda nesta caixa.

Pro Marta nunca conseguira facela soar, nin unha sola vez nos quince anos qu'él tivera lonxe, así qu'a tiña nas estanterías dos libros como un corvo disecado. Un día cansouse de vela alí, muda y inútil, e metéuna nun caixón esquencéndoa de todo.

A tarde na qu'él volvéu, con toda a súa altura dobrada nunha fraxilidá trasparente, marelo e coa morte nos ollos, despóis de fundirse entre os almudós d'un sillón, preguntóulle pola caixa.

—Nun funciona.

—Xa o sei —dixo él sin inmutarse.

Marta milagróuse do qu'oía, porque nunca puidera siguílo polos camiños esbaradizos polos qu'él andaba como se lles conocera todos os sacretos. Ela nunca o entendera de todo. Luis era como un puñado d'area que s'escapa por entre as bringas d'un cesto ralo. Tiña algo de criatura d'outro mundo, un mundo ó qu'ela nun sabía chegar.

Él colléu a caixa d'acebache, e case sin argallar na zarradura, levantóu a tapa. A melodía soóu como se fora tocada polas maos lixeiras d'un virtuoso. Dende entonces, Luis faciálle funcionar unha y outra vez, como se encontrara algún alivio en oír o marteleo das mesmas notas, que pra Marta eran xa un mal soño que nun podía separar do olor ós vómitos y ás

menciñas qu'a quimioterapia y a debilidá traían consigo, e qu'os estruñaba ós dous ó mesmo tempo. «Aline» fixolles compañía hasta qu'a morte envoléu o cuarto nun silencio espeso. Entoncias, asaltóuna unha soledá seca, dura, volvéuna como de gouño ferrial, e nun conseguía durmir máis que con somníferos, nun sono corto y alucinado. Nun esforzo por sobrevivir, conseguíu recuperarse en parte, pro a danza das pantamas volvéu a empezar cando a caixa de música parecía poñerse d'acordo co mesmo momento no que Marta metía a chave na zarradura da porta, y empezaba a soar.

Quería pensar qu'aquelo que Luis lle dixera a víspora de morrer nun era máis qu'o efecto da enfermédá qu'o desmoronaba en náuseas, como se vivira unha dualidá física e psíquica.

—Nesta caixa queda a miña alma, Marta —deliraba entre espasmo y espasmo.

Marta nunca pensóu naquelo porque nun lle parecía qu'él puidera ser consciente do que dicía, pro empezaba a nun soportar a caixa de música y a súa cantinela, tuvera ou non a alma de Luis dentro; tampouco podía tirala á basura nin s'atrevéu a rompela por se era verdá qu'él nun encontraba outro acomodo pró seu espírito, ou nun s'aviaba pra eso máis que con aquela caixa moura e fría. Tiña a impresión de que, en calquera sito que tivera Luis, apresara na súa voluntá pra sempre, y as notas de «Aline» eran o medio do que se valía pra nun deixala en paz.

Un amencer, despertóu como se a feriran con mil cuitelos redondos: as notas de música parecían caer d'un pentagrama embeleñado nel mesmo, e metían-selle nos oídos con unha crueldá insufrible. Choróu de rabias hasta qu'amencéu. Entoncias, agarróu a caixa e foise con ela pra os penedos da mariña, dunde o mar batía con forza e bramaba como tolo. Tiróu a caixa o máis lonxe que puido e viu cómo se rompía polo medio e caía ó fondo da augua mecéndose con ela nun mesmo color escuro e siniestro, mentres enmudecía pra sempre.

Volvéu ó coche, arrancóuno, enfilóu a carretera e deixóuse seducir pola tranquilidá da rasa que fundía o seu gris co horizonte en abertal. Pisóu o acelerador mentras sintía unha libertá fonda, como se lle naceran alas.

Pro cando deixóu lonxe a ribeira, despóis da última curva, Marta, inconscientemente, púxose a canturrear «Aline».

